


## IrfanView

IrfanView é unha ferramenta gratuíta de tratamento de imaxes moi completa. Cambia formatos, redimensiona, retoca, incluso por lotes (toda unha carpeta dunha vez sen ter que ir imaxe a imaxe).

Ardora é un dos poucos programas de autor que á capaz de redimensionar as imaxes e adaptalas as actividades, pero para cambiar formatos ou ver como pode quedar unha imaxe unha vez redimensionada, IrfanView vainos ser moi útil.


Pode atoparse na web empregando un buscador. Tamén pode baixala do directorio de recursos do curso de formación




Aparecerán dous arquivos. Un é o propio do programa e o outro empregarémolo para o idioma.



Prememos nos arquivos e gardámolos no noso PC




Unha vez no noso equipo os arquivos, procedemos a instalación da aplicación premendo sobre o arquivo indicado na imaxe



Executamos o arquivo aplicación que se abre


## Manual de instalación de IrfanView



Ábrese un cadro de opcións. Só deberíamos modificar o lugar onde queremos instalar o programa (recomendamos c:\IrfanView\ ) e logo premer en seguinte



Prememos na seguinte pantalla na opción de “seguinte” e cando nos pregunta que arquivos queremos asociar a IrfanView, poderemos asocialos todos ou só as imaxes




## Manual de instalación de IrfanView

Seguidamente presentarámos a opción de instalar a barra de Google. Recomendamos non instalala. Polo que desmarcaremos as opcións




Aceptamos todas as opcións que nos propón a instalación para rematar. Apareceranos no escritorio a icona de IrfanView




Se prememos nela veremos que a aplicación se atopa en idioma inglés.

Se queremos engadir o idioma Castelá, executamos o arquivo IrfanView\_lang\_spanish que antes baixamos do directorio de recursos.

Indicamos que se instale no mesmo directorio ou carpeta na que instalamos IrfanView



Se abrisemos agora IrfanView, seguiría en inglés, pero nas opcións podemos elixir o idioma castelá, nas opcións de linguas



Na próxima vez que abramos IrfanView xa se mostrará no idioma elixido.